


# Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño de Fisterra e Muxía](#)



Porta Santa, Praza da Quintana



# Ruta do Camiño de Fisterra e Muxía

118 kms

Esta é a única das rutas do Camiño de Santiago que en lugar de finalizar en [Compostela](#), comeza nesta cidade cara o lugar que na antigüidade e ata finais da Idade Media se consideraba como o fin da terra coñecida. A tradición da ruta cara o cabo de Fisterra aparece recollida no *Códice calixtino* e está documentado que os peregrinos que visitaban a tumba do apóstolo proseguían o seu periplo para coñecer o santuario da Virxe da Barca de Muxía e a talla do Santo Cristo de Fisterra, conservada na igrexa de Nosa Señora das Areas.

Emprendendo o camiño desde Santiago, a uns 17 kilómetros atopámonos a localidade de [A Ponte Maceira](#), situada no concello de Negreira. A maxestuosa ponte sobre o río Tambre, cuxa construción se remonta ao século XIII, articula unha pequena aldea conformada por un conxunto arquitectónico moi representativo do rural galego composto por vivendas, muíños, un pazo e unha capela que o converten nun dos mellor conservados. Este paso fluvial supuxo durante séculos a vía de unión entre a

actual capital de Galicia e a parte occidental da provincia coruñesa, moito peor comunicada.

O escritor e avogado **Xulián Magariños**, nado neste concello, foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos, institución creada a comezos da década dos anos 20 do século pasado co fin de divulgar, formar e investigar sobre o patrimonio cultural galego.



Faro de Fisterra



Compaxinou a súa traxectoria como letrado coa literatura e o xornalismo, colaborando en cabeceiras como *El Compostelano*, *El País Gallego*, *Nós*, *Céltiga* ou *A Nosa Terra*. As súas dúas únicas novelas, *O Kalivera* e *O filósofo de Tamarica*, foron publicadas na colección da editorial Lar.

Teríamos que remontarnos ao século XIII para atoparnos coa figura de **Alfonso Eanes do Cotón**, oriundo tamén de **Negreira**, crese que no Pazo de Cotón, e un dos trobadores máis recoñecidos da súa época. Ao longo da súa vida traballou na corte de Fernando III de

Castela e vinculouse laboralmente con poetas portugueses como Joan Soares Coelho, Rui Gomes de Briteiros ou Gonzalo Eanes do Vinhal. Os textos que se conservan deste autor galego son principalmente satíricos, moitos con formato de cantigas de escarnio nas que censuraba a sociedade coetánea.

Xa en **Fisterra** achegámonos á figura de **Alexandre de Fisterra**, seudónimo de Alexandre Campos Ramírez, un intelectual e inventor cuxa vida podería inspirar ficcións cinematográficas. A súa vinculación coa literatura desenvolveríaa principalmente como poeta e

Tras resultar sepultado polo derrubamento de edificios en Madrid durante os bombardeos da Guerra Civil española, Alexandre de Fisterra sería trasladado a un hospital no que compartiría recuperación con nenos que tampouco podían xogar ao fútbol debido ás súas feridas. A raíz desta desgraza deseñaría e crearía o primeiro futbolín, que se convertería nun éxito no ámbito nacional e internacional co paso dos anos e do perfeccionamento de cada un dos modelos que foi deseñando.

Na banda deseñada *Futbolín*, de **Alessio Spataro**, nárrese a vida deste inventor, editor e escritor que se relacionou con intelectuais como **Sartre**, **Camus** ou **Neruda**, entre outros, durante os seus periplos polo mundo.



Faro de Muxía



editor, fundando en Ecuador a revista *Ecuador 0º, 0', 0"*; a Editorial Finisterre Impresora, desde a que editou a revista do Centro Gallego de México, a cabeceira *Galeusca* e obras de poetas como **León Felipe**, do que remataría por converterse en albacea do seu testamento.

Se vos apetece coñecer máis sobre a tradición de mitos, toponimia e lendas da comarca de Fisterra, **Benjamín Trillo Trillo**, orixinario da veciña Cee, recompilou e investigou sobre esta te-

mática, así como sobre a tradición xacobea na zona. *Las huellas de Santiago en la cultura de Finisterre* é un título imprescindible para coñecer máis sobre o Camiño de Santiago e como no seu desenvolvemento histórico se mesturan tradicións pagás e cristiás. Así mesmo, el e a súa esposa, **Lilí Díaz Rivas**, son os auotres dunha biografía sobre Celia Rivas Casais, a primeira muller camioneira de España e cofundadora coas súas irmás dunha empresa adicada ao transporte de marisco e pescado.

Fisterra é un lugar moi vinculado á tradición oral, onde as lendas paganas e cristianas se mesturan auspiciadas por unha contorna natural que revela a dureza dun mar que arrastra á costa crus temporais no outono e no inverno. Precisamente nun simulacro de naufraxo ten a orixe a lenda do Santo Cristo, que narra como un barco en dificultades no medio dunha tormenta botou unha caixa ao mar. Esta foi recollida na beira por uns mariñeiros que contemplaran a escena e acharon no seu interior a imaxe do Santo Cristo. Desde aquel intre, a talla espertou unha gran devoción que se mantén ata a actualidade e é visitada polos fieis, principalmente en Semana Santa. De tamaño natural e gran realismo, dise que lle medran as uñas e o cabelo e atribúeselle o milagre de converter ao cristianismo a uns musulmáns que intentaron profanar o templo.



Xa en **Muxía**, onde houbo un hospital de peregrinos e a onde acudían estes ao seu santuario de Nosa Señora da Barca, así como ao veciño mosteiro de Moraime, atopámonos de novo con outro membro do Seminario de Estudos Galegos e das Irmandades da Fala, **Gonzalo López Abente**, que desenvolveu a súa carreira profesional como

xornalista, dramaturgo, poeta e escritor de prosa. En 1971 a Real Academia Galega adicoulle o Día das Letras Galegas. As súas obras poéticas están inspiradas na súa terra natal e así o reflicten títulos como *Monza de froes bravas para Nosa Señora da Barca*, *Nemancos*, *Centileos nas ondas* ou *Alento da raza*.

Conta a lenda de Orcavella, recollida por **Benjamín Trillo**, que unha anciá con este nome habitaba o monte Facho, entre Fisterra e Muxía, e converteuse no terror de calquera viaxeiro, incluídos os peregrinos que entraban nos seus dominios. Agochada nunha tumba, quen intenta abri-la vese afectado por unha maldición pola que lle sobrevivirá a morte en menos dun ano. O escritor identificou o dolmen que se atopa no alto do monte mencionado como o sepulcro dese ser mitolóxico que representa a morte, pero tamén a resurrección.

---

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021